



¿ Queres participar na elaboración do nº 13?

O nº 12 da revista atópase actualmente no proceso revisión final previo á súa publicación, polo que, no obxectivo de acadar unha periodicidade semestral desta publicación, **abrese xa o prazo para a elaboración do seguinte nº 13.**

Como sabes Fervenzas divulga traballos orixinais e inéditos de interese para a nosa disciplina profesional en Galicia. Tamén poden ser traballos non inéditos se o medio de difusión, onde foron divulgados, fose de difícil acceso para as traballadoras e traballadores sociais de Galicia, ou ben noutro idioma diferente ao galego.

As seccións da revista nas que podes colaborar coas túas achegas son as seguintes:

- 1. Artigos:** Pode tratarse de investigacións, experiencias profesionais, análises teóricas, metodolóxicas e técnicas, etc.
- 2. En Rede:** Podes achegar a presentación descritiva dun equipamento, programa, servizo, asociación, etc.
- 3. Entrevista:** Colabora coa entrevista a persoeiros de especial interese para o Trballo Social, ou coa súa proposta.
- 4. Comentario de Publicacións:** elabora comentarios e opinións críticas de libros, revistas, coleccións editoriais... en definitiva, de calquera fonte documental de interese para o Trballo Social
- 5. Espazo Aberto:** comenta documentais, filmes, páxinas web, noticias de especial interese para o Trballo Social, etc.
- 6. Outros:** eventualmente, divulgaranse cuestionarios, crónicas de eventos científicos de especial importancia, etc.

Anímate! Envía as túas achegas a fervenzas@traballosocial.com, indicando a sección á que vai destinada, ata o 31 maio.